Cuncas de lume

Intro **Am – G – F – E**
Estrofas **Am–G / F–E** | Pre-retrouso **F–G / Am–E**
Retrouso **Am–G / F–G / Am–G / F–E**

Intro

Am - G - F - E (x2)

Uh-oh…

Am
non hai volta atrás esta noite…

Estrofa 1

Am G
Baixa o sol coma un puño no val,
F E
cheira a fume, queimada que vai,
Am G
uns falaban dun conxuro tal,
F E
que afastaba o mal daquel lugar!
Am G
Xente rota por dentro e por fóra,
F E
algúns fuxen da súa propia memoria,
Am G
outros coseron medo coa risa,
F E
e hai quen perde así toda a súa vida!

Pre-retrouso

F G
E cando nos cae a noite sen pedir perdón,
Am E
arde na memoria preto, historias no corazón!

Retrouso

Am G
¡Berran forte ao seu carón!
F G
¡co poder deste licor!
Am G
tan quente que fai o lume
F E
mouchos, coruxas non son!
Am G
E coas cuncas cheas de lume,
F G
faise a nosa tradición,
Am G
pois ó brindar nesas cuncas,
F E
meigas afastadas son!
Am G
meigas afastadas son!

Estrofa 2

Am G
Pois logo da sardiñada, pra facer a dixestión,
F E
que nunca falte a queimada, nas cuncas da tradición!
Am G
Risas que baten axiña, ¡coma o bater dun tambor!
F E
pois naquela noite todos, liberamos nosa dor!

Pre-retrouso

Repite o pre-retrouso.

Retrouso

Repite o retrouso completo.

Estrofa 3

Am G
E berran forte todos eles, coma un só feitizo ardendo,
F E
cada quen coa súa gorxa… e o mal vaise desfacendo!
Am G
As lapas saltan no pote, todos salvados xa están!
F E
Porque coas cuncas de lume rompe ese medo ancestral!
F G
As cuncas cheas de lume… hoxe hai festa ata rachar!

Estrofa 4

Am G
E entre o fume vense ás veces, moitas verdades brillar,
F E
amores perdidos que aínda, hai quen pensa que han voltar.
Am G
Máis naquel intre atopamos, que a queimada leva xa,
F E
máis azucre do debido, ¡bótalle un chisco máis!
F G
pero ninguén quere mirar cara atrás,
Am E
porque esta noite… só hai que queimar.

Retrouso final

Repite o retrouso completo.